

María Victoria Moreno no Fondo *O Facho*

Arquivo da Real Academia Galega



REAL ACADEMIA GALEGA



María Victoria Moreno no Fondo O Facho

Arquivo da Real Academia Galega

- Recorte de *La Voz de Galicia* sobre a conferencia de María Victoria Moreno “O ensino das linguas vernáculas”, pronunciada na Coruña o 23 de maio de 1975 dentro do ciclo de conferencias organizado pola Agrupación Cultural O Facho “Galicia e a muller galega”
- Recortes de *El Ideal Gallego* sobre a conferencia de María Victoria Moreno “O ensino das linguas vernáculas”, pronunciada na Coruña o 23 de maio de 1975 dentro do ciclo de conferencias organizado pola Agrupación Cultural O Facho “Galicia e a muller galega”
- Carta de María Victoria Moreno ao Facho (26 de marzo de 1975)
- Copia de carta do Facho a María Victoria Moreno (16 de abril de 1975)
- Carta de María Victoria Moreno ao Facho con recensión biográfica e guión da conferencia “O ensino das linguas vernáculas”
- Programa do ciclo “Galicia e a muller galega” organizado polo Facho (maio 1975)
- Mecanoscritos de “Conto de Mariquiña” para a quinta edición do concurso de contos infantís do Facho (1972)
- Mecanoscrito de “Crarisca” para a quinta edición do concurso de contos infantís do Facho (1972). O relato mereceu o segundo premio
- Carta de María Victoria Moreno ao Facho agradecendo o premio concedido a “Crarisca” (30 de maio de 1972)
- Carta de María Victoria Moreno ao Facho agradecendo a autorización para publicar “Crarisca” xunto a outros de *Mar adiante*
- Mecanoscrito do relato “A brétema” para a sexta edición do concurso de contos infantís do Facho (1973)
- Bases do oitavo concurso de contos infantís O Facho
- Mecanoscrito do relato “O cataventos” para a oitava edición do concurso de contos infantís do Facho (1975). O texto foi distinguido co primeiro premio
- Resolución do xurado do oitavo concurso de contos infantís O Facho
- Carta de Xavier Senín ao Facho solicitando autorización para traducir e publicar en catalán o conto “O cataventos”

Maria Victoria Moreno:

«A MULLER E A PRIMEIRA DESERTORA DO GALEGO»

«Hoxe a esperanza da supervivencia da lingua vernácula está na burguesía das vilas»

Onte pola tarde, na sala de actos da Casa da Cultura da Crux, tuvo lugar a primeira conferencia de un novo ciclo organizado pola Agrupación Cultural «O Facho» denominado «Galicia e a muller galega». Este ciclo, que pretenden os organizadores conste de seis sesións contando a de onte, estará todo el desenrolado por mulleres que traballan en diferentes esferas e situaciones do vivir galego: profesoras, escritoras, monjas, abogados e mestras de ensino primario. Trátase de manifestar deseito a incorporación activa da muller galega ás tarefas de reconstrución espiritual de Galicia.

Maria Victoria Moreno Márquez, profesora de ensino medio escritora, foi a encarregada de desenrolar o primeiro tema: «O ensino das linguas vernáculas». Feita a presentación do ciclo e da conferenciante polo presidente da entidade organizadora do ciclo, Moreno Márquez, entre outras cousas dixo:

«O galego, por razóns de índole non lingüística, atópase nunha situación de inferioridade co respecto ó castelán. A situación creada remata por ter repercusións de indole lingüístico, sendo a primelería das fragmentación. A fragmentación produce inseguridade e a inseguridade produce o reduccionismo a favor do castelán.

O estaren en contacto galego e castelán, dase unha mutua permeabilización que non ten maiores consecuencias pró castelán porque é lingua de maior prestixio, porque está sostida por un grafolecto forte e unificado e maior porque se fala foras das fronteiras galegas. Polo contrario, a permeabilización do galego por parte do castelán é unha se-



ria ameaça pr'a sua personalidade.

A lingua nativa —non quero decir vernácula polas implicacións peiorativas que ten o témino— débese manter como sexa porque a súa perda conlleva a desaparición da idiosincrasia rexional, cosa, en definitiva, que de xenera en perxucio do país todo.

A eirexa e máis escola teñen un grande papel na defensa do galego, pero atopanse con dificultade da alienación colectiva que fai ós galegos preferir eirexa e máis escola en castelán.

A administración pública e máis medios de comunicación teñen na súa man a mentalización do pobo.

As linguas nativas chámansen maternas. Pero no intre que vivimos compóna preguntarse se o galego non será mellor lingua paterna, xa que son os homes os que o falan preferentemente.

A muller, más sensible ós prejuicios sociais, é a primeira desertora do galego, feito que repercuté na desgaleguización dos seus fillos.

O reduto do galego era antes a aldea. Hoxe a esperanza da súa supervivencia está na burguesía das vilas.

Ao remate, o público asistente mostrou con fortes aplausos o seu agrado.

LA VOZ DE GALICIA

24-V-75



REAL ACADEMIA GALEGA

Recorte de *La Voz de Galicia* sobre a conferencia de María Victoria Moreno
“O ensino das linguas vernáculas”, pronunciada na Coruña o 23 de maio de 1975
dentro do ciclo de conferencias organizado pola Agrupación Cultural O Facho
“Galicia e a muller galega”

24-5-75

A esperanza do galego está hoxe na burguesía das vilas

A muller, máis sensible ós prexuicios sociais, é a primeira desertora do galego • Conferencia de Victoria Moreno no ciclo "Galicia e a muller galega", de O Facho

Onde pola tarde, na sala de actos da Casa da Cultura da Cruxiña, tuvo lugar a primeira conferencia de un novo ciclo organizado pola Agrupación Cultural "O Facho" nomeado "Galicia e a muller galega". Este ciclo, que pretenden os organizadores consta de seis sesións contando a de onte, estará todo o desenvolvido por mulleres que traballan en diferentes esferas e situacións do vivir galego: profesoras, escritoras, monxes, abogadas e mestras de ensino primario.

Maria Victoria Moreno Márquez, profesora de ensino medio e escritora, foi a encarregada de desenvolver o primeiro tema: "O ensino das linguas vernáculas". Feita a presentación do ciclo e da conferencante polo Presidente

de da entidade organizadora do ciclo, Moreno Márquez, entre outras cousas dixo:

FRAGMENTACION E INSEGURIDADE

O galego, por razons de índole non lingüística, atópase nunha situación de inferioridade respecto do castelán. A situación creada remata por ter repercuções de índole lingüística, sendo a primeira delas a fragmentación. A fragmentación produce inseguridade e a inseguridade produce o reducionismo a favor do castelán.

O estaren en contacto galego e castelán, dáse moita mutua permeabilización que non ten maiores consecuencias pró castelán porque é lingua de maior prestíxio, porque está sostida por un grafolexo forte e unificado e maior porque se fala fora das fronteiras galegas. Polo contrario, a permeabilización do galego por parte do castelán é unha seria ameaça para a personalidade.

A lingua nativa —non quero decir vernácula polas implicacións peyorativas que ten o termo— débese manter como sexa porque a súa perda conleva a desaparición da idiosincrasia rexional cousa, en definitiva, que dexenra en perxuíto do país todo.

A cireixa e mala escola teñen un grande papel na defensa do galego, pero atopase coa dificultade da alienación colectiva que fai os gallegos preferir cireixa e mala escola en castelán.

A administración pública e medios medios de comunicación teñen na súa man a mentalización do pobo.

A MULLER, DESENTORA DO GALEGO

As linguas nativas chámase maternas. Pero no intre que vivimos compria preguntarse se o galego non sería mellor lingua paterna, xa que son os homes os que o falan preferentemente.

A muller, máis sensible ós prexuicios sociais, é a primeira desertora do galego, feito que repercutiu na desaparecemento dos seus fillos.

O reduto do galego era antes a aldea. Hoxe a esperanza da súa supervivencia está na burguesía das vilas.

Ao remate, o público asistente mostrou con fortes aplausos a



REAL ACADEMIA GALEGA

Recorte de *El Ideal Gallego* sobre a conferencia de María Victoria Moreno "O ensino das linguas vernáculas", pronunciada na Coruña o 23 de maio de 1975 dentro do ciclo de conferencias organizado pola Agrupación Cultural O Facho "Galicia e a muller galega"

Avenida de Vigo, 13-5º-C

Pontevedra

Ourense, 26 - marzo

Mens amigas:

Recibiu a súa carta escrita e quero agradecelles primeiramente o meu apredecimento por se lembraren de mim e despois a mina compromiso, tanto no que respecta a participar nese acto de conferencias como o tema que me econtro.

As millores duchas pra min serán as de derr
dir a quincena de maio (20, 23, 27 e 30), sin
maior preferencia por ninquenhe delas en concreto.
Susteiame poder deixar la meu de vostedes, por
llas facilitar o traballo, a decisión da ducha. Pro
soullas unha muller moi aherfada e os días de
solo 24 horas non me chefan pra nada or más
dos reles.



REAL ACADEMIA GALEGA

Carta de María Victoria Moreno ao Facho
(26 de marzo de 1975)

A' dor die des his words, mindelles un
wordise seido

Maria V Morea



REAL ACADEMIA GALEGA



Agrupación
Cultural "O FACHO"

Federico Tapia, 12-1.º C

A CRUÑA, 26 de abril do 1.975

Sr.º Dña. M. Victoria Moreno

Pontevedra

Amiga nosa:

Temos recibido a súa de 26 do més pasado e agradecémoslle sinxelamente a sua resposta positiva. Si non lle escribimos denantes foi por mor de algunas respuestas pendentes, necesarias para artellar todo o ciclo.

A data que mellor nos iría para a súa conferencia sería a do 28 de maio, vernes. No caso de que estes de acordo pregámoslle o urgente envío do guión para solicitar os permisos necesarios.

Na agarda das súas novas, saúdansa cordialmente os seus amigos,

Por O FACHO



REAL ACADEMIA GALEGA Fdo. Dr. Francisco Villar Calvo / Seg.

Copia de carta do Facho a María Victoria Moreno
(26 de abril de 1975)



CONFIE SUS
AHORROS A LA
CAJA POSTAL



CONFIE SUS
AHORROS ESPAÑA
CAJA POSTAL



Agrupación cultural "O Facho"

Federico Tapia, 12, 1º

Coruña



REAL ACADEMIA GALEGA

Maria Victoria Moreno. Arde. de Vilo, 13, 5º C

Pontevedra



REAL ACADEMIA GALEGA

Carta de María Victoria Moreno ao Facho
con recensión biográfica e guión da conferencia
“O ensino das linguaas vernáculas”

Meus amigos: eu violles currulum
e mais fuixa. Todo rei escrito a meu por-
que sou neste entre os tres do menén e
non podo despertar los máquinas o mino
fillo nin o reporede dos vecíños. Perdon.

Atre didelles os nios infudantes polo
meu desplazamento e más estoucie no Bruno.
Però non hai problema de niaña xelio:



REAL ACADEMIA GALEGA

ini no meu esche e volvemi a Ponte-
vedra esa mesma noite.

Na sforde de poder felor más ba-
flemente o dia 23, seu delles

Maria Victoria



REAL ACADEMIA GALEGA

- Naci en Valencia de Alcántara (Cóceres) - 1-V-41
- Fixeu Bachillerato en Barcelona.
- Acadi o primeiro premio li-
kerario ós 14 anos no Liceo
francés de Barcelona, escribi-
do en francés.
- Licenciado en Filoloxía Româ-
nica polo Universidade de
Madrid - 1963
- Aprobade de Eusino Medio
por oposición libre - 1965
- Finalista no "Leite Gijoña"
en 1969.



REAL ACADEMIA GALEGA

- 2º premio "O Facho" 1971
- 1º premio relato, Suimao - rées 1970
- Publicacions: Mor adiante,
Edicios do lostro. Os novisimos
de poesía galega. Atol.
- Artigos
- Conferencias
- Cursos de xelito en Pontevedra, Vigo, Ferrol e Ourense.



REAL ACADEMIA GALEGA

O Eusino das linguas vernáculas

¿ Por que vernáculos? . - Unha olla de
pescado. - Difusión, frequencia,
permisibilización, insecuridade, reducção
nismo . - Enrexs, escola, administración.
medios de comunicación. - Actitude e
responsabilidade de muller neste problema.



REAL ACADEMIA GALEGA



Agrupación
Cultural "O FACHO"
Federico Tapia, 12-1.^o C
A CRUÑA

PROGRAMA DO CICLO

"GALICIA E A MULLER GALEGA"

CONF. Nº	DATA	CONFERENCIANTE	TEMA
1	23-V ernes	MR. VICTORIA MORENO MÁRQUEZ Profesora de Ensino Medio	O ENSINO DAS LINGUAS VERNACULAS
2	30-V ernes	MR. XOSÉ QUEIZÁN VILAS Escritora	SITUACIÓN DA MULLER NA FAMILIA E NA SOCIEDADE
3	3-VI martes	MR. DAS MERCES SUÁREZ DÍAZ Abogado	O DEREITO E A MULLER EN GALICIA
4	6-VI ernes	MARTA GARCÍA DE LEANIZ Monxa e mestra	A EIREXA EN GALICIA E A MULLER
5	10-VI martes	TERESA GARCÍA-SABELL TORMO Profesora universitaria	A CULTURA GALEGA HOXE
6	13-VI ernes	FELISA GARCÍA CASTRO Mestra	A EMIGRACIÓN E A MULLER GALEGA

1975																	
ENERO			FEBRERO			MARZO			ABRIL			MAYO			JUNIO		
L	6	13 20 27	3	10 17 24	3	10 17 24 31	3	10 17 24 31	L								
M	7	14 21 28	4	11 18 25	4	11 18 25	4	11 18 25	M								
M	8	15 22 29	5	12 19 26	5	12 19 26	5	12 19 26	M								
J	9	16 23 30	6	13 20 27	6	13 20 27	6	13 20 27	J								
V	3	10 17 24 31	7	14 21 28	7	14 21 28	7	14 21 28	V								
S	4	11 18 25	8	15 22	8	15 22	8	15 22 29	S								
D	5	12 19 26	9	16 23 30	9	16 23 30	9	16 23 30	D								
	6	13 20 27	2	9 16 23	2	9 16 23	2	9 16 23	D								
JULIO			AGOSTO			SEPTIEMBRE			OCTUBRE			NOVIEMBRE			DICIEMBRE		
L	7	14 21 28	4	11 18 25	4	11 18 25	4	11 18 25	L								
M	8	15 22 29	5	12 19 26	5	12 19 26	5	12 19 26	M								
M	9	16 23 30	6	13 20 27	6	13 20 27	6	13 20 27	M								
J	10	17 24 31	7	14 21 28	7	14 21 28	7	14 21 28	J								
V	11	18 25	8	15 22 29	8	15 22 29	8	15 22 29	V								
S	12	19 26	9	16 23 30	9	16 23 30	9	16 23 30	S								
D	13	20 27	3	10 17 24 31	3	10 17 24 31	3	10 17 24 31	D								

laboratorios alter, s. a.

Programa do ciclo "Galicia e a muller galega"
organizado polo Facho (maio 1975)

9

C O N T O D E M A R I Q U I Ñ A

V pra nenos

Vento da terra

Mecanoscrito de "Conto de Mariquiña"
para a quinta edición do concurso de contos infantís do Facho (1972)



REAL ACADEMIA GALEGA

CONTO DE MARIQUÍÑA

Mariquiña vivía cos seus pais nunha aldea a dous ou tres kilómetros da cidade.O seu pai traballaba de albañil e a súa nai nas labouras das mulleres:coidaba dos cochos,das galiñas,da casa e más dun leiro pequenijo que había ó carón dela.

Mariquiña non tiña irmáns:daquela era moi grande porque non había outro maior i era moi pequena porque non había outro menor. A verdade é que Mariquiña,sendo ainda moi pequena,traballaba coma unha muller,axudaba moito á súa nai e más sabía que o pan non é un regalo caído do ceo.

Queimadiña co sol no vran,enchoupadíña coa choiva no inverno,facía tódolos días o camiño da aldea prá cidade e voltaba da cidade prá aldea.Sempre levaba un cestiño na man:cando iba,coa comida do pai.Cando voltaba,cos mandados da nai.

Facendo tódolos días o mesmo camiño,acadou moitos amigos: o ferreiro de Cabicastro,a leiteira de Vilaxeada,o crego de San Xusto,os rapaces de don Manoel,as bestas do campo e máilos arbres,que moitas vegadas lle daban acougo.

Entre os habitantes do camiño sómentes un tiña moi mala fama:o lobo.

Decíalle o ferreiro a Mariquiña:

-Cando remate este traballo,heiche facer un coitelo moi afiado pra que poidas defenderte se atopas un día co lobo.

Pro o ferreiro andaba sempre moi atarefado e non daba feito o coitelo.

Decíalle a leiteira a Mariquiña:

-Ai,miña nena,heille decir ó meu home que faiga unha duzia de garabelos pra poñelos na veiriña do camiño.Así,miña reina,non atoparás xamáis cun lobo vivo.

Pro a leiteira cansábase moito vendendo o leite i esquen-ciase de tódalas cousas ó chegar á casa.

Decíalle o crego a Mariquiña:

-Xa podes rezar,miña rapaza,pra non atopar co lobo no camiño.Eche moi turdio o lobo,miña nena.

Pro o crego non sabía moito de lobos e confundíaos co mesmo demo.



Decíanlle os rapaces de don Manoel a Mariquiña:

-Has levar tódolos días un coello vivo no cesto. Se atopas co lobo, bótaslle o coello e arripiolas.

Pro os rapaces de don Manoel tampouco sabían moito de lobos. Maxinábanos tan tolos...

Nin as bestas nin os arbres criticaban xamáis do lobo.

Mariquiña non sabía qué pensar e ás vegadas alporizábase lembrando as parolas dos seus amigos.

-¿Qué faréi eu -decía- se atopo cun lobo?

E atopóuno o día da tremoada.

Mariquiña voltaba prá aldea un serán mouro coma o inferno. Ollábanse os lóstregos na lonxanza e as nubes apurábanse moito nos camiños do ceo. A nena voaba cara á casa e as pingueiras da choiva mollábanlle a cariña, os cabelos e máilas roupas.

-Hei chegar axiña -decía-. Agárdame miña nai.

Pro a choiva iba a máis e a nena veuse na obriga de percuralo acougo dun carballo namentres escambraba.

Chegou a noite e ainda non escambrara. Mariquiña sentiu frío e máis medo. Ouservou unha cova na veira do camiño e coidou que nela estaría máis segura. Foise pra cova e dormeu un anaquiño.

Cando despertou ollou un gran can no limiar.

Dixo o can:

-Boas noites, pequena bonita.

E a nena respondéulle:

-Boas noites, meu amigo. ¿Cómo te chamas?

-Eu non teño nome -dixo o can- porque as xentes, que dan nomes ás cousas, non queren falar comigo.

-¿E logo? -dixo Mariquiña-

O can calou, caviloso. Non se arriscaba a decir que era un lobo pra non alporizar á rapaza. Por falar de outra cousa, preguntóulle:

-¿Tes moito frío?

-Moito, amigo can. Estou tremelicando.

O lobo achegouse timidamente a Mariquiña e díolle:

-Eu non teño frío. Imos repartila miña quentura.

E formaronse xuntiños.



Un lóstrego despertounos e Mariquiña rompéu a chorar de medo.

O lobo amoucouse e decía:

-Non teñas medo, bonitiña. Se queres, déixache a miña casa e vóume baixo o carballo. Eu estou moi afeito ó frío.

-Eu estou moi ben contigo, amigo can.

-¿Por qué chorás logo?

-É por culpa dos lóstregos.

-Se falamos un pouquiño -dixo o can- coido que vas perde lo medo a tódalas cousas do campo. Os lóstregos son tan fermosos na noite...

Mariquiña calaba.

-Eu non entendo ós homes -engadiu o lobo-: saben facelas millores casas, saben poñer garabelos na herba, saben afiar coiteiros... E ainda alporízanse de todo.

-Na miña aldea -dixo a nena- sómentes alporizámonos dos lóstregos e más dos lobos.

-¿Tamén ti, miña reina?

-Eu tamén, amigo can.

-Se prometes gardalo segredo, vouche decir unha cousa pra que non teñas medo dos lobos.

-Prometido -dixo Mariquiña-

Entón o lobo cavilou, baixou a cabeza e dixo:

-¿Douche eu medo?

-Toliño -dixo a rapaza-, ti es o meu amigo.

O lobo ollouna con tenrura e engadiu:

-Eu son un lobo, Mariquiña.

A nena quedouse abraiada. Díxolle:

-¿Vas me comer neste intre?

O lobo, moi tristeiro, respondéulle simplesmente:

-Non.

-¿Vas me gardar logo pró almorzo?

-Non, Mariquiña -dixo o lobo bagoando-, na mañanciña imos xuntos buscalo almorzo no campo.

Entón a nena comprendeu que aquel lobo era moi bo. Enxoitóulle as bágoas, deulle un bico entre as orellas e preguntóulle:



REAL ACADEMIA GALEGA

-¿E tódolos lobos son coma ti?

O lobo, sorriseiro, díxolle:

-¿E tódalas rapazas son coma ti?

Mariquiña púxose roxa de vergoña;

-Perdóame, amigo lobo. Son un pouquín tola. Eu ben sei que non hai dúas persoas igualiñas. Tampouco hai douis lobos. ¿Nonsí?

-Moi certo -dixo o lobo-

E dorméronse novamente na cova.

Os pais de Mariquiña e máis vódolos veciños da aldea passaron a noite toda percurrindo nos camiños. Chegaron ó carballo, vireron o cestiño dos mandados e coidaron que a nena non estaría lonxe. Botaron unha olladiña e deron coa cova do lobo. Dixeron:

-Pobriña. Coméuna o lobo.

Colleron as escopetas, apuntaron pró limiar e dispararon. Oudiron un oubre tristeiro e máis unha queixume. Foron logo ver e atoparon a Mariquiña, alporizada, e ó lobo cunha pata ferida. Os homes querían matar coas escopetas. A nena, abrazada ó colo do seu amigo, choraba e pregáballas que non lle fixesen xa más mal.

Díxolle:

-Este lobo é millor ca vosoutros. Deixóume dormir na súa casa, quentóume co seu corpo, quitóume o medo dos lostregos... E agora está ferido o pobriño.

Os homes non entendían nada. A nena engadiu:

-Este lobo é o meu can. Compre darlle o mesmo agarimo ca el me deu a mi perante a noite.

Entón fóreronse prá botica, mercaron unha boa menciña e curáronlle a pata ferida.

Agora o lobo chámase Garimoso. Adeprendéu algunas cousas dos homes, pro non todas: non é trigás nin medoso. Acompaña a Mariquiña tódolos días no seu camiño e, moi polido, abanea o rabo pra saudar ó ferreiro de Cabicastro, á leiteira de Vilaxeada, ó crego de San Xusto, ós rapaces de don Manoel e máis a tódalas persoas que din "bos días, Mariquiña" ó pasaren á súa veira.

As xentes da comarca, ó saberen esta historia, comenzaron a tratar ós lobos con máis respeto. Agora xa non lles poñen garabatos nin lles falan mal deles ós rapaces.



REAL ACADEMIA GALEGA

*Le víxise Moreno Márquez
Avda. de Vigo, 13, 5º C / PONTEVEDRA*

K

P

C R A R I S C A

V pra nenos

Noitada

Mecanoscrito de “Crarisca”
para a quinta edición do concurso de contos infantís do Facho (1972)
O relato mereceu o segundo premio



REAL ACADEMIA GALEGA

RESPETADE OS VAGALUMES

Respetade os vagalumes, rapaces, que cecás un deles é Crarisca...

Os vagalumes son uns vermes moi xeitosíños que dormen perante o día e, na noite, brilan nos camiños coma as estrelas no ceo. Os vagalumes coidan que son moi importantes, que son moi fermosos, que o saben todo... E non se deocantan de que ningaén é máis importante, nin máis fermoso, nin máis sabio cos demás. Os pobrinos - tan pequenos, tan débiles - non saben que o ceo, perante o día, é azul. Non saben que a escuma do mar é máis brillante ca eles. Non saben que existen froles roxas, brancas, marelás. Non saben nada e máis son moi fachendosos. Jobriños...

En Portosouril eisistiron familias moi famosas de vagalumes: a de don Lumazo o rico, a de don Lueiro o listo, a de don Lumioso o traballador, a de dona Lumieira a fermosa, a de dona Luzada a silandeira... Outrora estas familias coísbanse moito da pureza do sangue non deixando casar os fillos con calqueira. Casábanse os fillos de don Lumazo o rico coas fillas de dona Lumieira a fermosa. Casábanse os fillos de don Lueiro o listo coas fillas de dona Juzada a silandeira. E tiñan fillos ricos, fermosos, sabios, xuiciosos... Agora este anceio de pureza vai a menos e, por esta razón, non vos sei decir de certo cal era a familia de Crarisca a tímidha. Coido que sería neta de don Lumioso o traballador, que non casou con mulller de boa familia.

Pois ben, acontescéu que Crarisca a tímidha chegou a moza, alcendéuselle a luz no lonxo e saíu ó camiño, moi leda, unha noite de primaveira. Quedou abraiada ó decatarse de que a herba non era moura - coma a vira de pequena - senón verde. Escoitou por primeira vez o canto dos grilos. Ollou pró ceo e a coitadina maximou que, aló lonxe, había outros campos con herba, con grilos e máis con vagalumes.

E gustáronlle máis os vagalumes do ceo por seren menos fachendosos cos da terra.

-Pro non son vagalumes, Crarisca -dixolle o vento--.

Ele, sinda que era moi enigmática do vento, non lle deu creto. Era moi nova e gustaballe soñar.



Os mocíños vagalumes pasaban á veira de Crarisca e decíanlle:

Vou percurando mocinha
entre as herbas dos camiños.
Son mozo e rico, Crarisca,
¿Vasme querer por marido?

Ela respondía a todos coas mesmas palabras:

Ai, vaite, vaite, mocinho,
porque eu tello o corazón
moi lonxe destes camiños.

¿Cómo iba casar cun vagalume da terra se estaba namorada
dos vagalumes do ceo?

E o vento ainda lle repetía:
-Cralisca, as lumíñas do ceo non son vagalumes coma ti.
Chámense estrelas.

-¿E logo todas son femias, amigo vento?
-Non. Tamén hai luceiros.
-Luceiro -repetiu Crarisca-. Valeiquí un fermoso nome...
-Pro non son vagalumes, Crarisca. Non son vagalumes.
I ela, tam namoradilla a coitada, non lle daba creto.
O vento incomodouse moiote coa súa teima e botou unha longa tempada sin lle falar.

Mientras Crarisca puxo os ollos no luceiro máis branco
do ceo e o luceiro non se decataba de nada porque as estrelas,
ainda que ven todas las cousas da terra, non chegan cos súa ollada
á fondo dos corazóns.

Cralisca choraba día e noite, cunha queixume pequena, cunhas
bágoas miudillás coma o orballo.

Os mozos vagalumes que outrora lle fixeran as beiras percurreron outras mozas, casáronse, tiveron fillos moi fermosos e
fachendeaban diante de Crarisca:

-O meu Namaciño éche moi forte. Ya aprendeú a caminar na



REAL ACADEMIA GALEGA

herba.

-O meu Lueiriño éche moi espilido.Ten tolas a tódalas rapazas.

-A miña Luzadiña éche moi boa moza.Ten unha lumina coma a lúa.

A Crarisca non lle pesaba non ter fillos e sentíase a nai de tódolos vagalumiños do campo.Porque os vagalumiños non eran tan fortes,nin tan espilidos,nin tan fermosos coma decían os seus pais e,ás vegadas,compría botarlles unha manciña pra camiñar na herba,pra percuralo xantar ou pra esconderse das persoas.

Un día dixo Crarisca ó vento:

-Heiche pedir un favor,amigo vento...

O vento ollou pra ela moi serio e a lumina de Crarisca púxose roxa de vergoña.Caldou a coitada un anaquino e ó fin arriscouse:

-¿Por qué non vas a xunte do Luceiro e lle dis que estou namorada del?

O vento coídou que Crarisca tolesba,pro veuna tan tristeira...Díxolle:

-Iréi,Crarisca.Pro sospeito que o teu Luceiro vai estoupar de risa.¿Non ves que as estrelas son moito más importantes cos vagalumes?

O vento partiu pró ceo.Crarisca non tiña acougo e,coa lumina roxa de vergoña,agardaba a resposta.E o vento demorouse mucho porque o Luceiro estaba moi lonxe.

Despois de moitas noites de inquietud,voltou o vento cun fermoso telegrama do Luceiro pra Crarisca.Hra un telegrama pequenín coma os vermes e souril coma as estrelas.Decía:

SIMPRE TEU.SIMPRE XUNTOS NA LONTANZA.

Entón Crarisca soubo que amar e ser amada era o más fermoso da vida.Fíxose más bon,mais traballadora,mais limpa...

E viviu moito tempo nesta bendanza.

Pro a vida das estrelas é moito más longa cá dos vermes e acontesceu que o Luceiro ainda era mozo cando Crarisca iba xa moi velliña.Non podía camiñar apresa e perdía cada noite un pouquín de vista.Mareábase moitas veces e parecía lle que as estrelas



bailaban no ceo, todas mesturadas.

-¿Qué será de mim -decía- se un día non chego a recoñecelo meu Luceiro entre os outros?

E mandóulle co vento un telegrama:

VEN PERTO DE MIN. ESTOU CASE CEGA.

O Luceiro matindou moito enantes de decidir porque as estrelas -vosoutros o sabedes, rapaces- son moi grandes e vémolas pequeninas por culpa da lonxanza. Así, por non apesarar a Crarisca co seu grandor, ecidou que era millor non baixar á terra. Pro comprixía facer algo pra consolar á vagalumiña namorada. I escribíulle unha carta moi fermosa que remataba cunha promesa: iba ser o menos preguiceiro dos luceiros, iba erguerse antes de chegar a noite, iba deitarse despois de chegar o día... Iba estar soio no ceo ó comenza e más ó remate da noite pra que os clíños de Crarisca, cansinhas de tanto percuralo, non tivesen xamáis a coita de non atopalo.

Agora, rapaces, xa sabedes por qué o Luceiro non é lacazán. Pro compre lembrarse tamén de outra cousa... Respetade ós vagalumes, que cecáis un deles é Crarisca...



REAL ACADEMIA GALEGA

Meus señores, meus amigos:

Recibín a súa carta hai poucos días e aproveito o meu primeiro intre de acougo pra lles respostar.

En primeiro termo, quixera espresarlles o meu agradecemento, tanto pola atención que lles merecéu o meu cotillón coma pola súa amábel felicitación. Aínda que teño recibidos algúns outros premios literarios, éste foi certamente o que máis me aledóu porque é a primeira vegada que fago literatura pra nenos e tamén a primeira vegada que compito con escritores galegos escribindo en galego. Eu nacín en Cáceres, fixen a licenciatura en Madride e hai pouco tempo que vivo nesta terra. Deste xeito, o premio que vostedes me outorgaron é pra min a testemuña de que Galicia me acolle no seu seo co mesmo agarimo que eu lle dou.

Encol das tres mil cincocentas pesetas, pódennmas remesar do xeito que millor lles conveña a vostedes. Cecás o xiro postal sexa o menos compricado.

Derradeiramente, quixera facerlles unha pregunta: o contíño que presentéi ó concurso é un capítulo dun libro pra nenos que vai saír á luz no outono. Eu desexaría saber se vostedes teñen inconveniente -de acordo coa base 7- en que o libriño saia con este conto. Agardo a súa resposta pra falar cos editores.

En agarda das súas novas, saúdalles atentamente

Maria Victoria Moreno

Maria Victoria Moreno Márquez

Bvda. de Vigo, 13, 5º C

Carta de María Victoria Moreno ao Facho
agradecendo o premio concedido a "Crarisca"
(30 de maio de 1972)

Mus señores, mus amigos:

Hai xa moitos días que lle debida ter escrito e
nunborquenles non o fixen porque niste mes o traballo do
Justiticio non deixe acomiso pra meda. Pregoles perdón
polo mino demora.

Recibiu unha carta de vostros, ónde he dito o día 5,
que me autorizan a publicar o conto "Crarisca" xunto
aos outros do libro que vai sair no outono. Estou lleno fondo
mente agradecido por seren meu auntos. A condición que
me ponen heine comprir lo mejor gusto porque, pra mim,
o decir que o meu conto foi premiado no concurso do
"Facho" non é unha obrixe. É mi honor.

Recibiu tamén o xiro postal

Moi agradecido por todo e los promesa de les
misor un exemplar do libro ten exinxido como estou feito
síndelle.

Maria Victoria Moreno

Carta de María Victoria Moreno ao Facho
agradecendo a autorización para publicar "Crarisca"
xunto a outros de Mar adiante

21

①

a b r é t e m a

maría victoria moreno márquez



REAL ACADEMIA GALEGA

Mecanoscrito do relato "A brétema"
para a sexta edición do concurso de contos infantís do Facho (1973)

A brétema chámase Margarida.
Dígo volo, rapaces, porque -se
cadra- non o sabedes. Eu ente-
réime áinda onte.



REAL ACADEMIA GALEGA

Vilaxeada é unha aldeia pequena, deitada na côteira da Peneda. Alí vivía, hai xa moitos anos, unha vella moi vella que pasaba as noites a carón do lume. Os días pasábaos á porta da casa, acobexadiña baixo unha raiola de sol. Tiña as mans coma os sarmentos da vide e sempre quedaba no regazo. Tiña a cara agurradíña, coma os leiros labrados. Tiña os ollos cansíos de tanto traballar e a súa ollada parecía un aloumiño de vidro mouro.

Dende a súa porta vía pasar ós mozos, ós nenos...

(Ós vellos non os vía, que tamén estaban sentadíños ás súas portas.)

Vía pasar ó sol, ás nubes...

(A brétema non a vía, que daquela non había brétema.)

Vía pasar ós mencerés, ós solpores...

En cada solpor vía fuxir un anaquiño da súa vida. Por eso sempre estaba a contalos.

-Trintaecatromil cincocentos setenta e cinco -decía-. Xa non me poden quedar moitos.

E o solpor chiscaballe o ollo dende o horizonte, como querendo decirlle:

-Miña aboa, áinda mañá hei vir bicarte nas meixelas.

E a vella sorriá.

Pro non todo era tan fermoso...

Decíanlle os mozos ó pasaren:

Hoxe temos moita presa...

Miña aboa, pra mañá

ímosche traguer cereixas

fresquiñas do cereixal.

Pro os mozos esquençíanse sempre das súas promesas e a vella -agardando, agardando- decatabase de que xamais os vería dos ollos.

Os nenos áinda eran piores. Chegaban mesmo a facerlle bulretas á vella, que non se podía defender.

Cantábanlle ó pasaren:

Valeiquí a vella rabexa

que xa non sabe fier



REAL ACADEMIA GALEGA

e os ollíños de cristal.

Amoucábbase moito a coitadiña e calaba. De alí a pouco tiña o mantelo cheo dun orballo miudiño, dunhas pingueiras de choiva morna onde logo brilaba o sol.

E o sol, coa súa sorrisa marela, preguntáballe:

Vella dos cabelos brancos,
a das bágoas no mantelo,
non quero verte chorando.

¿Qué che fixeron os nenos?

Ela non lle quería decí-la verdade ó sol pra que non se anoxase cos rapaces. Decíalle:

Eu choro porque son vella,
porque non podo fiar,
porque teñio as mans de cera...
Porque morro de soida.

O sol demorabase un pouquiño en fuxir pra confortala i ela, acobexadiña baixo a raiola, deixábase querer.

Fíxose unha gran chorimiqueira...

Aínda que os mozos non se esquencesen dela, aínda que os nenos non lle fixesen bulretas, choraba e choraba pra alongá-la carexa do sol. Convirtíuse nunha frouxiña tremante, cada vegada más pequena.

E aínda choraba...

Foi aparecendo ó seu redor, no chan, un regatiño de vidro limpo coma a prata. E a velliña -mermando, mermando- remató por se consumir no regatiño.

Aquel día o sol deitouse moito más tarde do adoitado. Ficou dando quentura ó regatiño deica enxoitalo todamente. Deica tornalo nunha nube donda e branca que, empuxada polo vento, seguiu o camiño do solpor.

Cando xa voara por riba de tódalas casas de Vilaxeada, somentes tiña duas solucíons: deitarse no cume da Peneda ou seguir cara ó mar após do sol.

Ela -xa o sabedes- era moi amiga do sol. Pro estaba moi cansa e más sentía unha gran señardade de deixá-la súa aldea. Por eso deitouse e durmiu deica a primeira luzada do día.

Aínda non se decatara de que non tiña ollos pra chorar, nin pano pra alimpar os ollos nin nas pro colléla para. Mesmo o seu co-



REAL ACADEMIA GALEGA

razón desixérase no regatiño das bágoas... Pro a velliña non estaba afeita a ser brétema e non se decataba de nada.

Fíxoselle o día moi longo, moi longo...

Vía, ó lonxe, ós seus veciños. E dáballe noxo velos ollando pra ela, coas caras abraiadas, falando moito, facendo acenos moi estranos.

Ela quixo falar pra decirlles:

Son a vella Margarida,
veciña de Vilaxeada,
que por estar esquencida
tódalas tardes choraba.

Pro non atopou a boca e non poido decir nada. Somentes sintiu que un airiño morno a traspasaba toda. Entón desenganouse de ser brétema e dixo pra si:

-Cando chegue o solpor hei chorar áinda máis cos outros días pra que se doia de min. Heille decir que quero ser Margarida e non esta cousa estrana que nin xiquera sabe falar coa xente.

E chegou o solpor, e a pobre velliña quixo chorar, e non atopou os ollos... Somentes sintiu unha friaxe de auga que a traspasaba toda.

E o solpor chiscóulle o ollo dende o horizonte, como querendo decirlle:

-Miña aboa, áinda mañá hei vir bicarte nas meixelas.

Logo fuxiu cara ó mar.

A velliña quedou anguriada.

Pasou así moitos días. Quediña na Peneda, silandeira, soia...

Pouquiño a pouco foi adeprendendo a entendé-la voz do vento. Soubo por el que os veciños andaban á sua percura, que os mozos lle gardaban cestinos de cereixas, que os nenos querían darlle un bico, cada noite, enantes de deitárense.

E a coitadiña debecía por voltar á aldea.

Pro non podía decilo, nin podía chorar... E ali estaba, quediña e murcha, coma un paxariño engaiolado.

Outro día contóulle o vento unha cousa moi pavera.

Díxolle:

-Ali abeixo andan todos a rifar. Uns din que es unha pombiña nova que finou ó niño. Outros din que es a cabeleira dunha vella velliña. Mesmo quen asegura que es un rato de ovelas brancas. Non



REAL ACADEMIA GALEGA

se dan posto de acordo.

Margarida tivo deseños de rir. Pro decatouse de que tampouco podía. Somentes sintiu unha carexiña de vento que lle facía cóxegas ó redor.

E remató poniéndose moi tristeira.

O de ser brétema, certamente, non era unha boa cousa. E o vento -sempre ceibe, sempre falador- comprendéuno axiña.

Díxolle a Margarida:

Eu son amigo das erbas,
falo nas noites voa xente,
levo a choiva prás aldeas
cando os leiros teñen sede.

E a velliña -abraiada, inqueda- paraba mentes nestas verbas. Ela quería ser coma o vento, pro non lle podía dar resposta.

Murchando, murchando, chegou a parecer unha xerga grisalla. O sol pasaba á súa veira e dáballe coores de froles -somentes un anaquiño- cando a bicaba. Pro non se decataba da súa tristura.

Logo chiscaballe o ollo dende o horizonte, como querendo decirlle:

-Miña aboa, aínda maña hei vir bicarte nas meixelas.

E fuxía cara ó mar.

A pobriña xa non sabía qué facer coa súa anguria. Non imaxinaba que o vento -cavilando, cavilando- remataría por atopá-la solución.

Díxolle un día o vento:

Ti tes cariña de nube
e corazón aldeán.
Se queres deixá-lo cume
haste afacer a voar.

E, coma o vento sabía que Margarida non podería darrille resposta, coidou que sería millor non demorarse agardándoa.

Amovéuna da Peneda cun pulo soaviño. Logo, con carexas de pruma voandeira, arrousóuna deica Vilaxeada e deixóuna deitadísia nos bicos dos arbres, nos cumios das casas, nas cruces dos cabazos, nas follas das froles, nas espigas do millo...

Foi tamén dar unha voltiña pola aldea pra avisar ás xentes que a vella Margarida voltara. E, coma os labregos entendean moi ben a voz do vento, todos escucharon que decía:



REAL ACADEMIA GALEGA

Hoxe voltou Margarida
da súa casa da Peneda.
Está nos cumios durmida,
está soñando nas veigas.

Saíron ás fiestras pra saudala e viron que a aldea toda estaba envolta nunha nube branca, baixaña, morna... Viron tamén que as froles se aledaran, que medraran as espigas, que amornara o tempo...

E non daban creto ó que vián.

Decatáronse axiña de que a brétema non era coma as nubes. Porque as nubes, que están feitas coa iauga do mar, non son amigas das persoas e voan sempre moi outas polo ceo. A brétema camiña perto da terra, pousando nas azas dos paxariños ou nos cabelos dos nenos. As nubes levan lóstregos e tronos. A brétema somentes leva cheirumes de terra vivosa. As nubes fan doiras que estragan os leiros. A brétema fai sorrir ás froles, enxerma ás espigas e más amorna ó tempo.

Por eso en Vilaxeada - e coido que en tódalas aldeas - queren moi ben á brétema. E a brétema quere moi ben ós labregos.

Pro, coma áinda non perdéu todamente as súas teimas de velliña chorimiqueira, ás veces ten antollos: vaise prá Peneda e demórase moito en baixar. Faino somentes pra que lle preguen, pra que lle dean conta das coitas.

E os labregos, que xa o saben, mándanlle recado co vento.

Vós podedes escoitalo nas noites, rapaces. Se vai zunindo estas verbas:

Margarida, baixa axiña,
que morren de sede os leiros,
que se murchan as espigas,
que tremelican os nenos.

Se sabedes de certo que é esto o que di e non outra cousa, entón saíde ás fiestras... Veredes a Margarida, espalladiña en mil pingueiras mornas, sorrindo dende os bicos dos arbres, dende os cumios das casas, dende as cruces dos cabazos...

- - - - -



REAL ACADEMIA GALEGA



VIII CONCURSO DE CONTOS INFANTIS O FACHO

PATROCINADO POLA ENTIDADE «CAJA DE AHORROS-MONTE DE PIEDAD DE LA CORUÑA Y LUGO»

Agrupación Cultural O FACHO

Federico Tapia, 12-1.^o C

A CRUÑA

BASES

- 1.^a Os temas serán libres.
- 2.^a Cada concursante poderá mandar cantos contos queira.
- 3.^a Os contos presentados forzosamente deberán ser inéditos e estar escritos en idioma galego.
- 4.^a Consta de duas seccións:
 - a) CONTOS PRA NENOS, que non teñen limitación de idade. b) CONTOS DE NENOS, que somentes poderán ser mandados por nenos e nenas de menos de quince anos, consinando a idade ao pé do traballo que mande, e corresponderán a dous grupos: 1) Nenos entre dez e quince anos; 2) Nenos de menos de dez anos.
- 5.^a A estensión de cada conto non poderá exceder de cinco cuartillas holandesas mecanografía-das a doble espacio.
- 6.^a Os premios serán os seguintes:
 - a) CONTOS PRA NENOS: Un premio de 12.000 pesetas, outro de 6.000 pesetas e outro de 4.000 pesetas.
 - b) CONTOS DE NENOS: 1) Nenos entre dez e quince anos: Un premio de 2.000 pesetas; 2) Nenos de menos de dez anos: Un premio de 1.000 pesetas.
- 7.^a Os orixínais mandaránse por triplicado non mantendo a Agrupación Cultural «O FACHO» correspondencia cos concursantes nin obligándose á devolución dos orixínais non premiados.
- 8.^a O fallo dos premios será dado a conocer o día 17 de maio, DIA DAS LETRAS GALEGAS.
- 9.^a Somentes entrarán en concurso aqueles contos que teñan a entráda no domicilio da Agrupación Cultural «O FACHO» (rúa de Federico Tapia, núm. 12-1.^o, A Cruña), denantes do día 1 de maio do 1975.
- 10.^a A Agrupación Cultural «O FACHO» resérvase o dereito de desiñar o Xurado que há de fallar os premios, así como o sistema de elección dos contos ganadores do concurso.
- 11.^a En ningún caso poderán ser declarados desértos os premios que se institúan, a non ser por falta de orixínais suficientes.
- 12.^a Calquer duda ou custión que se plantexe con respecto a estos premios, será resolta esclusivamente pola Xunta Directiva da Agrupación Cultural «O FACHO».
- 13.^a A Agrupación Cultural «O FACHO» terá opción preferente para a publicación dos traballos premiados dentro de un plazo de 18 meses, contados a partir da data de comunicación do fallo do Xurado, sendo a propiedade intelectual da obra premiada do seu autor, adoptándose as normas do INLE no caso de establecer contrato por ambas partes.
- 14.^a A participación neste concurso presupón a aceptación espresa das presentes bases.

A Cruña, febreiro do 1975

Bases do oitavo concurso de contos infantis O Facho

O CATAVENTOS

Mecanoscrito do relato "O cataventos"
para a oitava edición do concurso de contos infantís do Facho (1975)
O texto foi distinguido co primeiro premio

27 de abril

REAL ACADEMIA GALEGA



Cando os árbores eran pequeninos -que todalas cousas, denantes de seren grandes, foron pequenas-, o mundo non era como hoxe. As casas eran baixinas, e custo pra que as vacas non rompesen os cornos ó entrar en nas cortes. As mazás, as cereixas e máilas laranxas collífanse coa man. Os paxaros tecían os seus níños entre as espiñas das roseiras e sólo os máis medoñentos, que sempre os houbo, agachábanse entre as tellas. Por riba dos tellados só se miraba a torre da cirexa, o fume das chemineas e máilas nubes que ás veces pasaban voando cara ó norte, ás veces voltaban -cansíñas- cara ó sur e ás veces durmían sobre da aldea.

Cando as nubes durmían era cando se regaban as veigas. Porque as nubes sonche coma as rapazas pequenas, que, cando están durmidíñas, mexan por elas. Por eso cando as nubes durmén comenza a chover e non para hasta que chega o sol e as desperta. Entón teñen moita vergonza e fuxen polos camiños do ceo hasta que chegan ós montes e ali paran.

Neste mundo que che digo o máis importante era vivir en libertade. Vivían as froles e os paxariños. As mazás e máilas formigas. As erbas e máilas vacas. E ás froles, ós paxariños, ás mazás, ás formigas, ás erbas e máis ás vacas gustábanles tanto a choiva coma o sol. Coa choiva bebián, refrescabanse, lavaban a cara e máis sofrián. Co sol quentábanse, larapetaban, fermoseaban e máis sorrián.

Sólo ás galínas lles estaba privada esta boandanza... E a culpa era toda de don Pío, un galo que mandaba nelas e xa de paso tamén nos paxariños que as roldaban por mor do millo.

E que lle gustaba mandar.

Erache un mozo garrido e tal don Pío. Ollos de vidro dourado. Por sombreiro, unha cresta roxa que ás veces parecía cereixa e ás veces lume. De traxe sólo che sabería decir que era o máis elegante que mirsei: nin de seda nin de lufe. De prumas rechamantes, lixadas de ouro nas azas e máis na cola. O seu camiñar era fachen-doso:

Eiquí estou -kikiriki-
pra que miren as galínas
quén é o que manda eiquí.



Repetíña que era moi guapa, pensaba ó miralo:

REAL ACADEMIA GALEGA

-Se eu non fose unha femia, se todas esas parvas me deixassen a mí comé-los millores grans, iba ver ese lampantín quén era o más fermoso...

E voltaba a cabeza pra outro lado.

A Mourapitifa -que era un pouquín vella e más xorda- cando miraba a don Pío co peito abaloufado e co pescozo estarricado, coñadaba que se lle trasgolara algún gran e quería axudarlle. E, cada vez que se achegaba a el -;zas!- don Pío dáballe un moque.

Ela pensaba:

-Se non comeses tanto, lampantín...

As Teixaspitifas -que che eran moitas- facían unha ringleira detrás de don Pío. Cando el comenzaba:

Eiquí estou -kikirikí-

elas contestaban:

Sí, sí, SÍ... Sí, sí, sí, SÍ.

Cando el decía:

pra que miren as galinhas

elas:

xa te miran as teixifas.

E cando el, coa voz inzada, romateba:

quén é o que manda eiquí.

Elas coreaban:

e a moita honra o servir.

Frache unha canción tan tristeira...

A Pombapitifa -coitada-, como era nova no galinheiro e non conocía ainda os costumes, choutou enriba do bordo só pra saber quén cantaba daquela maneira. E a Pintapitifa -que era moi espiliada e as cheiraba todas- berroulle:

-;Baixa de ahí!

Pero xa era tarde...

Don Pío mirou aquel pulo limpo e lixeiro e pensou:

Eu son o que manda eiquí

i esa parva de galinha

voa máis alto ca min.

E comenzou a debecer de envexa.

non atopaba accougo. Mesmo os paxarillos que roldaban por mor do norte -ta REAL ACADEMIA GALEGA sentir unha caraxe



aceda. Un día mesmo chegou a embullar dunha peteirada a un xilgaro. Tan ben que cantaba o inocente... E, ainda que non lle millorou a voz nin lle medraron as azas, coñecou que non estaría mal comer un cada día. Pero, sin dúbida, o más importante pra don Pío era matinar e matinar. Ver de qué xeito podía roubarlle as azas á Pombapitifa.

Se eu son o que manda eiquí
que esa teña millor pulo
non o podo permitir.

E as Teixaspitifas:

Sí, sí, SÍ... Sí, sí, sí, Sí.

Don Pío sentíase medrado e -;zas!- lariaba un pardal.

A esa parva de galifa
heille de pispá-las azas
pra lle dar más forza ás miñas.

E as Teixaspitifas:

Hanche axudar as Teixifas.

Don Pío afoutsbase e -;zas!- engulipaba un melro.

Ides ver -kikirikif-
que pode voar moi alto
o galo que manda eiquí.

E as Teixaspitifas:

E a moita honra o servir.

Foren moitos os días que don Pío pasou matinando na Pombapitifa e nas súas azas. Comela non lle servía de nada, porque de embullar páxaros só conseguía dor de barriga e mala sona. ¿Depenala? Ah... Esta era a saída e de seguro que as Teixaspitifas lle botarian unha man.

E craro que lla botaron.

po...la...noi...te	si...lan...dei...ras
a...mo...di...ño	
de...pe...na...ron	é...Pom...bi...ña
as...Tei...xi...fias	
as...Tei...xi...fias	
re...ga...la...ron	pru...mas...bran...cas
a...don...Pí...o	
a...don...Pí...o	



lles parecía que fixeran pouco por el. Entón acordaron rubir unha sobor da outra hastra acadar unha altura semellante á da torre. Pouco lles faltaría... E don Pío

do ha se do
bin un do la
ru ha a chen ti
foi un fa a
hastra que pousou as patas na derradeira Teixapitiña, premendo sin compaixón na súa cabeza. De alí ó tellado pouco lle faltaba e pouco tivo que brincar pra pousar nel.

Xa enriba, o primeiro que fixo foi contá-las tellas e cavar a cántos metros estaría do chan. Esto -supoñeo eu- facíao pra saber como era de importante... E debéu pensar que o era moito, porque xa leguíño quixo fachendear. E dígoche que quedou aleuto ó decatarse de que as súas azas, remendadas coas prumas da Rombapitiña, non eran nin más longas nin más áxiles. Fessbanlle coma o chumbo e cáseque non podía afastalas do corpo.

O que lle iba medrando, medrando, eran as patas. Cada vez más longas, cada vez más delgadas, cada vez más ríxidas... Hasta que remataron por lle quedax chantadas nas tellas.

E o seu corazón quente iba arrecendo. Aquel corazón que se lle facía grande a pulos de soberba iba minguando dentro do seu peito. Pero, cando comenzou a decatarse do mal que se está sin corazón, xa tampouco tiña sangue, nin ollas, nin voz pra cantar... Tampouco sabía por qué lle viñera aquela teima de rubir más alto cos demais.

Pra baixar compríalle ceibá-las patas e tíñasas xa sin tentos. Compríalle, polo menos, que as Teixaspitiñas mirasen pra el e que se amerceasen da sua coita. Pero elas andaban moi atareadas na conquista de don Pisco, o sucesor de don Pío. O caso é que chegou a noite e o malpeccado comenzou a sentir frío. Zorregaballe o vento de eiqui e de alí. Premíalle o corpo todo hastra llo deixar coma unha folla de ferro. Obrigabao despois a dar voltas e más voltas...

O de dar voltas -decía pra si- ainda pagaba a pena tendo ollos, porque así podía axenzar todo o que pasa por ahí embaixo.

Pero e... ***

REAL ACADEMIA GALEGA



Ademais aquela noite os arbres deron en medrar e coas súas leries mesmo nin deixaban escoitar o que se falaba no chan.

¿Por qué medraran os arbres?

A Pintapitifa di que foi pra poñé-los niños dos paxaros onde non poidesen chegar nunca as Teixaspitifas.

A Mourapitifa coída que foi de mirar pró ceo.

A Pombapitifa esté segura de que choraron hasta a boca noite e logo medraron coas bágoas quentitas que empuzaron.

A Roxapitifa parécelle que éste é o seu xeito de fuxir porque, tendo raíces, non poden correr.

¿Por qué medraran tanto os arbres?

O certo é que ali tés a don Pío encumeado e terrecido. Roldando contra gusto, acendo de cataventos.

E xa ninguén para mentes nel. Somentes don Xosé, o señor abade, sabe o que lle pasa. Sabeo porque ten o costume de rezar no adro e xa está afeito a que lle caian as súas bágoas. Na cabeza, na sotana, nas mans... Mesmo no librito mouro das súas oracións.

Don Xosé, que é moi bo, bótalle unha miradita amiga:

-¿Tés frío?

Pero o Cataventos é de ferro.

-¿Tés sede?

Pero o Cataventos non ten gorna.

-¿Estás soio?

Pero o Cataventos non ten corazón.

Entón o señor abade, amodio, vai sacando as bágoas da cabeza, da sotana, das mans e más do libro e vai poñéndoas nas follas das roseiras pra que as beban os paxariños cando sequen as fontes.

Sóio o señor abade sabe o que lle pasa o Cataventos e por 150 sóio el deseja que baixe algún día. E sabe que baixará, se cadra acochado nunha bandada de paxariños.





Agrupación Cultural "O FACHO"

Federico Tapia, 12-1.º C

A CRUÑA

FALLO DO "VIII CONCURSO DE CONTOS INFANTÍS "O FACHO"

- * Maria Victoria Moreno, primeiro premio con "O cataventos"
- * Elisso Alonso e Xavier Rodríguez Barrio, segundo e terceiro cos contos "O cabaliño que fuxira do curro" e "A estrela e a frol", respectivamente.
- * Marcos Arias e Carlos Canosa, primeiros premios en "Contos de nenos".

De conformidade coa condición 3ª das bases polas que se rixeu o VIII Concurso de contos infantíis "O Facho", dotado con 25.000 pesetas a patrocinado, o mesmo que as edicións pasadas, pola "Caixa de Aforros da Cruña e Lugo", hoxe, "Día das Letras Galegas", fáise conocemento público do fallo emitido polo Xurado nomeado no seu dia.

Integrado por don Mariano Domínguez Rozas, académico e escritor, como presidente, e a señorita Pilar Rodríguez Varsla, licenciada en Filoloxía Románica, don Ramón Fraile García, catedrático de Lingua e Literatura, don Xosé Fernández Ferreiro, xornalista e escritor, e don Xosé L. Rodríguez Pardo, abogado e directivo da entidade organizadora do certame, como vocáis, actuando de segredario sin voto don Eduardo Martínez Suárez, tamén directivo de "O Facho", tomou os acordos seguintes sobre dos 96 traballos presentados (85 na sección "Contos pra nenos" e 11 na de "Contos de nenos")

A) CONTOS PRA NENOS

- Primeiro, premio de 12.000 pesetas, ao conto "O cataventos", que presentado baixo o lema "27 de abril" resultou ter por autora a Maria Victoria Moreno Márquez, Profesora de Lingua e Literatura do Instituto Femenino de Pontevedra e escritora.
- Segundo, premio de 6.000 pesetas, ao conto "O cabaliño que fuxira do curro", presentado baixo o pseudónimo "Almansur" e do que resultou ser autor Elisso Alonso, escritor, residente en Gaión-Tui (Pontevedra).
- Terceiro, premio de 4.000 pesetas, a "A estrela e a frol", conto presentado baixo o lema "Ouriol" e que é da autoría de Xavier Rodríguez Barrio, estudiante, residente en Santiago de Compostela.
- Mención Honorífica a cada ún dos seguintes contos: "O enano e o xigante", de Ramón Félix Vergara Vilarinho, de Santalla de Lousara, Samos (Lugo); "Anduriña Branca", de Xosé Dono Iglesias, residente en París (Francia); "O castelo das tres adiviñas", de Xosé A. Martínez Oca, de A Cruña; "O conto das miñas pitas", de Ana María Fernández Martínez, de Muxía (A Cruña); e "O Roxón", de Roberto Blanco Valedés, de A Estrada (Pontevedra).

(sigue á volta)

B) CONTOS DE NENOS

1) De dez a quince anos

Premio Único, de 2.000 pesetas, ao conto "Estralíña do mar", que ten por autor a Carlos XXXXX Canosa Lorenzo, de 13 anos, residente en Muxía (A Cruña).

2) De menos de dez anos

Premio Único, de 1.000 pesetas, ao conto "As aventuras de Xoán, Miguel e Marcos, os tres curmáns", do neno de 9 anos Marcos Arias Castaño, de Vigo.

Mención Honorífica ~~XXXXXXXXXXXXXX~~ ao Departamento de Linguaxe da Agrupación Escolar de Muxía (A Cruña), á Escola Graduada de Sárdoma-Vigo e ao Colexio Ponte do Pasaxe, Perillo (A Cruña).

Xavier Senín

- Vilagarcía de Arousa

Agrupación Cultural O Facho

A Coruña

Estimados señores:

O motivo da presente é comunicarles que a Editorial de Abadía de Monserrat en Cataluña quere editar en catalán un conto que foi premiado no concurso desa Asociación no ano 1975. Trátase de O Cataventos de M^a Victoria Moreno. A autora está de acordo con que se faga esta traducción e solicita que se lle conceda a autorización para a versión catalana citando, por suposto, que o orixinal galego pertence á súa Asociación.

Rógolles teñan a amabilidade de enviarlle directamente á autora a autorización que solicitamos ó seu enderezo particular de Pontevedra:

M^a Victoria Moreno Márquez

Avda. de Vigo, 15 - 3º C

36003 - PONTEVEDRA

Sen máis reciba un saúdo moi cordial

Xavier Senín



Carta de Xavier Senín ao Facho solicitando autorización para traducir e publicar en catalán o conto "O cataventos"

REAL ACADEMIA GALEGA



Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@academia.gal
www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

